

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CSTCP01	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0283	Análise de deseños en téxtil e pel	2023/2024	4	87	87

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARISOL FERNÁNDEZ PÉREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tomando como base a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, (e os aspectos desta modificados pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro) e o Real Decreto 1538/2206 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, fixéronse as bases da estrutura dos títulos de formación profesional a nivel do Estado.

Baseándose nesta e noutras normativas, correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer os currículos dos ciclos formativos no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

Consorte ao anterior, aprobouse o Decreto 67/2010, do 8 de abril, polo que se establece o currículo do CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR correspondente ao título de Técnico Superior en Patronaxe e Moda.

Segundo o dito Decreto, o módulo de "Análise de deseños en téxtil e pel" inclúese no CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR EN PATRONAXE E MODA pertencente á Familia Profesional Téxtil, Confección e Pel. O ciclo ten unha duración total de 2000 horas distribuídas en 2 anos académicos. Este módulo impártese no segundo curso. Ten unha duración de 87 horas, que se distribúen en 4 sesións semanais de 60 minutos de duración.

As unidades de competencia que se acreditan ao superar este módulo profesional son:

UC0479\_3: Definir e desenvolver produtos de confección, calzado e marroquinaria.

UC0912\_3: Analizar e interpretar o deseño, e colaborar na definición do produto en téxtil e pel.

Dentro do sector produtivo no que se ubica o perfil profesional do Técnico Superior en Patronaxe e Moda,

- este poderá exercer a súa actividade:

no sector da confección industrializada de produtos téxtiles e de pel, así como de calzado e marroquinaria, en pequenas, medianas e grandes empresas, sea por conta allea ou propia, desenvolvendo funcións de xestión da produción e de elaboración de patróns para a industrialización da confección.

- desempeñando as seguintes ocupacións:

Deseñador técnico/a de patronaxe con CAD/CAM. Deseñador técnico/a de confección con CAD/CAM. Técnico/a de desenvolvemento de produtos de confección (I+D+i). Técnico/a en desenvolvemento do produto. Encargado/a de oficina técnica. Modelista-patronista de peletaría. Modelista-patronista de prendas de vestir. Modelista-patronista-escalador de sombreiros e gorras. Patronista-escalador de prendas de vestir. Técnico/a en confección industrial. Técnico/a en fabricación de artigos de pel e coiro. Técnico/a en control de calidade de confección. Técnico/a en control de calidade en industrias de pel e coiro. Técnico/a de organización. Xefe/a de fabricación. Xefe/a de calidade. Xefe/a de sección. Xefe/a de equipo

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Coleccións de moda: desenvolvemento e produción	Coñeceremos diferentes procesos e recursos para o desenvolvemento e produción de coleccións de pezas	20	20
2	A moda dende o século XX ata a actualidade	Analizaremos a influencia da historia recente da moda a través das grandes correntes e principais deseñadores	10	15
3	Mercadotecnia na moda	Estudaremos e concretaremos o mercado ao que se dirixe o deseño	7	10
4	Representación de artigos e complementos. Fichas técnicas	Representaremos, empregando programas informáticos, os artigos de deseño de moda seguindo os formatos normalizados	40	40
5	Viabilidade dos deseños	Valoraremos as alternativas de produción en función da calidade dos materiais, de criterios económicos e de sustentabilidade	10	15

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Coleccións de moda: desenvolvemento e produción	20

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Establece criterios para o deseño de artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaría, en relación coas características funcionais, estéticas e técnicas.	NO
RA3 - Identifica os compoñentes de artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaría, aplicando convencionalismos de representación e programas de deseño.	NO
RA4 - Modifica o deseño de artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaría, aplicando criterios estéticos e funcionais.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Establecéronse parámetros que definen a súa liña, o seu estilo e o segmento de mercado. <i>CA1.2.2 Establecéronse parámetros que definen a liña, o estilo e o segmento de mercado dunha colección de moda</i>
CA1.3 Descríbense as características funcionais dos produtos. <i>CA1.3.1 Identifícanse as características funcionais dos produtos dentro dunha colección de moda</i>
CA3.1 Seleccionáronse os útiles, os soportes e os formatos máis adecuados para a realización de planos, esbozo e esquemas. <i>CA3.1.1 Seleccionáronse os útiles, os soportes e os formatos máis adecuados para a realización de planos, esbozo e esquemas nunha colección de moda</i>
CA4.1 Identifícanse as fontes de información útiles sobre as variacións de moda.
CA4.2 Propuxéronse variacións de deseño a partir de artigos tipo.
CA4.3 Seleccionáronse os materiais e as fornitureas de acordo coas variacións propostas.
CA4.4 Definíronse tecnicamente as variacións dun modelo.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Metodoloxía e análise de tendencias: estudo da sociedade e do mercado, compilación de información e cadernos de tendencias. <i>Análise de tendencias para incorporar no desenvolvemento dunha colección</i>
Representación da figura humana. O canon: orixe e evolución ata nosos días. Proporciós ideais da figura humana: siluetas base. Antropometría: identificación dos parámetros anatómicos. Morfoloxía do corpo humano.
Coleccións de deseño: contido e características de presentación. Formulación e elección do tema. Siluetas ou esquema estrutural das pezas. Ficha técnica. Elección de materiais téxtiles, cartas de cor e texturas. Ilustración de pezas ou artigos da colección

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A moda dende o século XX ata a actualidade	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Establece criterios para o deseño de artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaría, en relación coas características funcionais, estéticas e técnicas.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as fontes de información sobre tendencias de moda.
CA1.1.1 Identifícaronse as fontes de información sobre tendencias de moda do SXX
CA1.1.2 Identifícaronse as fontes de información sobre tendencias de moda do SXXI
CA1.1.3 Identifícaronse as fontes de información sobre o cambio de modelo de difusión das tendencias de moda.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>A moda no século XXI. Cambio de modelo de difusión e incorporación de tendencias. Novas formas de produción e consumo. Moda eco, sustentabilidade e ética na industria téxtil</p> <p>A moda no século XXI: Cambio de modelo de difusión e incorporación de tendencias</p> <p>Análise das fontes de información. Feiras nacionais e internacionais de moda. Hemerotecas: revistas especializadas do sector téxtil, pel, calzado e marroquinaría. Artigos periódicos relacionados co sector. Videotecas: histórica, en liña, etc. Internet</p> <p>A moda no século XX. Evolución da moda no século XX. Grandes creadores. Influencia da moda do século XX nas tendencias actuais. Democratización da moda.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Mercadotecnia na moda	7

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Establece criterios para o deseño de artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaría, en relación coas características funcionais, estéticas e técnicas.	NO
RA2 - Xustifica a viabilidade do produto tendo en conta a relación entre as posibilidades de fabricación e o cumprimento das condicións de deseño.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Establecéronse parámetros que definen a súa liña, o seu estilo e o segmento de mercado.
CA1.2.1 Establecéronse parámetros que definen a liña, o estilo e o segmento de mercado dos artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaría
CA1.5 Descríbironse as novas formas de produción e consumo
CA1.6 Reflexionouse acerca da sustentabilidade e a ética na industria téxtil
CA2.1 Identifícanse os criterios que permiten medir a satisfacción da clientela (deseño, calidade, prezo, etc.).
CA2.2 Tívoe en conta a función social e de uso do produto en relación co segmento de mercado.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
A moda no século XXI. Cambio de modelo de difusión e incorporación de tendencias. Novas formas de produción e consumo. Moda eco, sustentabilidade e ética na industria téxtil
A moda no século XXI: Novas formas de produción e consumo
A moda no século XXI: Moda eco, sustentabilidade e ética na industria téxtil
Metodoloxía e análise de tendencias: estudo da sociedade e do mercado, compilación de información e cadernos de tendencias.
Estudo dos diferentes segmentos do mercado aos que se pode dirixir un deseño
Viabilidade comercial: existencia dun mercado para un artigo. Métodos de valoración: análise do sector e estratexia comercial.
Relación entre moda, calidade e prezo en relación coa segmentación do mercado, o gusto, o nivel de esixencia e o poder adquisitivo.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Representación de artigos e complementos. Fichas técnicas	40

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Establece criterios para o deseño de artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaría, en relación coas características funcionais, estéticas e técnicas.	NO
RA3 - Identifica os compoñentes de artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaría, aplicando convencionalismos de representación e programas de deseño.	NO
RA4 - Modifica o deseño de artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaría, aplicando criterios estéticos e funcionais.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.4 Especificáronse as características técnicas dos produtos.
CA3.1 Seleccionáronse os útiles, os soportes e os formatos máis adecuados para a realización de planos, esbozo e esquemas.
<b>CA3.1.2 Seleccionáronse os útiles, os soportes e os formatos máis adecuados para a realización de planos, esbozo e esquemas de artigos e complementos</b>
CA3.2 Representouse o conxunto ou o volume do modelo.
CA3.3 Descompúxose o modelo nas formas planas correspondentes.
CA3.4 Utilizáronse escalas e formatos normalizados.
CA3.5 Cotouse consonte as normas.
CA3.6 Aplicáronse as normas sobre simboloxía de puntadas e costuras.
CA3.7 Incorporáronse indicacións e lendas.
CA3.8 Elaboráronse listaxes de compoñentes con especificación dos elementos internos e externos.
CA3.9 Incorporáronse especificacións para a fabricación.
CA4.5 Representáronse as modificacións do deseño.
<b>CA4.5.1 Representáronse as modificacións do deseño aplicando criterios estéticos e funcionais</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Clasificación dos produtos da industria téxtil, de pel, de calzado e de marroquinaría. Pezas: exteriores, interiores, de punto, de pel, de traballo, complementarias, etc. Artigos: de fogar, de decoración, de acampada, de uso industrial, etc. Calzado: info
Características dun deseño. Funcionais: utilidade. Estéticas: estilo, forma, cor, etc. Técnicas: resistencia, durabilidade, materiais, fiabilidade, etc.
Representación gráfica aplicada ao deseño de artigos. Estudo e utilización de escalas. Ficha técnica de creación. Presentación do modelo. Compoñentes do modelo. Especificacións técnicas para a súa posterior fabricación.
Análise e aplicación da normativa referente á simboloxía de puntadas e costuras.

**Contidos**

Compoñentes dos artigos: Compoñentes de pezas: dianteiros, costas, mangas, forro, etc. Fornituras e complementos. Compoñentes do calzado: corte, planta, piso, fornitureas, etc.  
Compoñentes de artigos de marroquinaría: exteriores, interiores, fornitureas, et  
Interpretación de modelos: análise e descrición da peza ou o artigo.

Identificación de formas planas: colos, mangas, puños, saias, pantalóns, etc. Variantes.

Aplicacións informáticas para o deseño e o desenvolvemento de artigos de vestir e complementos no sector téxtil e de moda. Deseño de pezas, artigos e compoñentes. Deseño de estruturas en tecidos. Xestión de coleccións e presentación.

Adaptación do artigo tipo á silueta: base estrutural do deseño.

Realización de variacións do artigo tipo segundo as tendencias e o uso ao que vaia destinado. Definición técnica das variacións aplicadas ao artigo tipo: Selección de tecidos, peles e materiais en concordancia co deseño, a calidade e o prezo como referent

Estrutura dun mostrario téxtil: configuración.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Viabilidade dos deseños	10

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Establece criterios para o deseño de artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaria, en relación coas características funcionais, estéticas e técnicas.	NO
RA2 - Xustifica a viabilidade do produto tendo en conta a relación entre as posibilidades de fabricación e o cumprimento das condicións de deseño.	NO
RA4 - Modifica o deseño de artigos en téxtil e pel, calzado e marroquinaria, aplicando criterios estéticos e funcionais.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.3 Descríbense as características funcionais dos produtos.
CA1.3.2 Identifícanse as características funcionais dos produtos que fan posible a súa viabilidade
CA2.3 Valoráronse alternativas de produción en función da calidade dos materiais.
CA2.4 Valoráronse alternativas de fabricación en función de criterios económicos.
CA2.5 Valoráronse alternativas de fabricación en función de criterios de sustentabilidade
CA4.5 Representáronse as modificacións do deseño.
CA4.5.2 Representáronse as modificacións do deseño aplicando criterios de viabilidade

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Viabilidade ecolóxica: criterios e requisitos para determinar a sustentabilidade dun artigo
Viabilidade técnica: criterios e requisitos para determinar o bo funcionamento dun artigo, atendendo ás súas características tecnolóxicas. Métodos de valoración: coincidencia de deseño e aplicación.
Viabilidade económica: criterios e requisitos para determinar a rendibilidade dun artigo. Métodos de valoración: custos de materias primas, custos de produción e custo real.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.a) Tras analizar a realidade da contorna do centro e as posibles saídas laborais do alumnado, considero unha serie de criterios de avaliación como claves na consecución das competencias establecidas no currículo.

A superación dos mesmos é polo tanto imprescindible para a avaliación positiva deste módulo. Estes criterios de avaliación están sinalados cun SI no apartado mínimo esixible, para cada unidade didáctica, no apartado 4.d. e son resumidos a continuación:

- Coñecer a moda e os diseñadores da segunda metade do século XX ata a actualidade.
- Recoñecer e interpretar os distintos deseños de moda realizados polos máis salientables deseñadores e a súa influencia actual.
- Analizar a situación da industria téxtil e de confección e as estratexias e tácticas de marketing.
- Establecer a relación entre moda, calidade e prezo segundo o mercado
- Valorar a viabilidade técnica, económica, ecolóxica e comercial dos artigos.
- Representar as formas planas e elaborar as fichas técnicas que definan tódolos parámetros do modelo.
- Manexar aplicacións informáticas para o deseño e o desenvolvemento de artigos de vestir e complementos
- Analizar os tecidos, peles e materiais en concordancia co deseño.
- Desenvolver secuencialmente unha colección de moda
- Propoñer modificacións dos deseños en función dos materiais, a economía e sustentabilidade.

As probas teórico-prácticas, e os traballos prácticos e actividades serán propostos tendo en conta os CA, e incidindo nos considerados mínimos esixibles

### 5.b) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN :

\*Cualificación trimestral (hai 2 trimestres)

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, por lo que ten un carácter continuo.

Tanto as probas escritas ( teórico-prácticas) como os traballos que se realicen terán unha cualificación numérica entre 1 e 10

A cualificación trimestral será a suma das notas obtidas en todas as probas e traballos que correspondan a ese período, unha vez aplicadas as correspondentes porcentaxes: media aritmética das probas escritas teórico-prácticas: 40%, media aritmética dos traballos prácticos e actividades 60%

#### - PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS 40%:

Serán preguntas de resposta curta nas que as incorrectas contarán negativamente e estarán basadas nos Criterios de avaliación traballados en cada período. Poderá haber unha ou varias probas.

A non asistencia a algunha/s de esta/s proba/s suporá a necesidade de presentarse á proba de recuperación.

Non se realizarán repeticións de probas (agás casos excepcionais debidamente xustificadas)

Para superar unha proba a nota mínima será de 5. Se a nota é inferior a 5 esa parte deberá recuperarse e NON poderá ser compensada coas notas doutras partes facendo media.

**- TRABALLOS PRÁCTICOS E ACTIVIDADES 60%:**

Poderán realizarse na clase e/ou na casa.

Avaliaranse individualmente. Valorarase a presentación e, no seu caso, a exposición dos mesmos.

A entrega en tempo e forma dos traballos será un dos aspectos contemplados na valoración dos mesmos, polo que os traballos que non cumpran este punto non poderán optar á nota máxima.

A falta de entrega dun traballo suporá a necesidade de presentarse á proba de recuperación.

Para poder facer media de cara á avaliación trimestral os traballos deberán obter como mínimo un 5.

**CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL**

Será a media aritmética da nota que se saque nos dous trimestres. A nota da segunda avaliación será a mesma que a da final para o alumnado aprobado.

No caso do alumnado que teña suspensa a primeira e/ou a segunda avaliación parcial e non a recupérase antes do acceso à FCT, a nota da segunda terá que ser suspensa. Se a recuperación se realiza no período do terceiro trimestre, na final irá o aprobado coa media das avaliacións.

**6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas****6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

As actividades de recuperación, para alumnado co módulo pendente estableceranse en función dos CAs non superados de cada alumno/a.

Trátase, por tanto dunha recuperación individualizada.

Dependendo dos CAs a recuperar estableceranse actividades que poderán incluír unha proba de coñecemento, de produción ou de desempeño na que o alumno/a evidencie o dominio da capacidade asociada a ditos CAs.

Para recuperar o módulo será preciso superar todos os CAs, incidindo sobre todo naqueles non superados, e nos mínimos esixibles..

En cada un dos exames teórico-prácticos e traballos e actividades que contemplan CAs considerados mínimos esixibles haberá que acadar como mínimo un 5 sobre 10 para poder superar o módulo. As cualificacións destas probas só farán media cando a súa puntuación sexa cando menos dun 5 sobre 10 (NON poderán compensarse coa nota doutras probas)

O alumnado que está cursando o módulo e que non supere algunha das probas ( ou que non se presente á mesma sen causa justificada) ou actividades/traballos ( ou a falta de entrega dos mesmos), terá unha oportunidade de recuperación antes da avaliación de marzo para así poder acceder á FCT. No caso de non acadar o aprobado deberá realizar unha ou varias probas antes da avaliación final de xuño. Repetiranse aqueles exercicios e actividades que estiveran incorrectos e realizaranse todos os traballos que non se presentaran ao seu debido tempo. Ás probas e actividades superadas durante o curso manteráselles a nota.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua (véxase guía do alumnado) terá unha ou varias probas específicas teórico-prácticas nas que se demostrará o dominio dos CAs asociados a cada unha das Unidades Didácticas.

Estas probas, serán diferentes das que se lle fagan aos alumnos e alumnas que sexan avaliados ordinariamente e realizaranse no mes de marzo, en período previo á avaliación final do módulo, na data sinalada pola Xefatura de Estudos.

As probas consistirán na elaboración de traballos prácticos e na resposta a cuestionarios de preguntas curtas nas que as incorrectas contarán negativamente. Serán avaliados cunha nota de entre 1 e 10. A nota final do módulo será o resultado da suma das notas das dúas partes na

seguinte proporción: Traballos prácticos 70%- Cuestionarios 30%

O alumno ou alumna deberá obter unha nota mínima dun 5 sobre 10 en cada unha das partes para superar o módulo.

Alumnado con ausencias prolongadas por causa xustificada:

O alumnado nesta situación deberá realizar unha proba teórico-práctica antes de rematar o trimestre.

Nesta proba recolleranse os criterios de avaliación asignados ao trimestre que non teña demostrados nas entregas e/ou probas realizadas debido á ausencia. A finalidade é demostrar que adquiriu as mesmas destrezas e coñecementos que o resto do grupo.

Se non se presenta á proba, contaránse as entregas e probas ordinarias e a calificación trimestral será como máximo un 4.

A xustificación de faltas será segundo o recollido na Guía do alumando

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

### **7.a) Seguimento da Programación**

Para realizar o seguimento da programación seguirase o establecido nos protocolos de calidade do centro.

A docente utilizará a aplicación informática da Consellería para facer o seguimento e dará conta mensualmente nas reunións de equipo docente e do Departamento de Têxtil do grao de cumprimento da programación.

No caso de realizar modificacións significativas na programación, xustificaranse debidamente e deixaránse por escrito a modo de anexo na acta de reunión do equipo docente ou do Departamento de Têxtil

Ao final de curso a profesora realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.75.PRO.04) na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

### **7.b) Avaliación da Práctica Docente**

Na avaliación da práctica docente terase en conta a autoavaliación realizada pola propia docente xunto coa valoración feita polo alumnado.

Para recoller a valoración do alumnado sobre a práctica docente, séguese o protocolo de calidade establecido. Dito protocolo baséase na Enquisa de satisfacción do labor docente (MD.82.CLI.03).

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

De conformidade co establecido na Ley Orgánica 2/2006 de 3 de Maio, de educación, daremos resposta á atención dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo baseándonos nos principios de normalización e inclusión. Estamos a nos referir a alumnado con necesidades educativas especiais, con altas capacidades intelectuais, así como alumnado estranxeiro incorporado ao noso sistema educativo.

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial para ter unha idea das características do alumnado e poder así axustar a proposta educativa, metodoloxía e actividades concretas, ao grupo.

Para isto, nos primeiros días do curso, pedirase ao alumnado que cubran unha ficha cos datos persoais e familiares permitindo coñecer a súa procedencia, se viven lonxe das súas casas e/ou das súas familias ou se teñen que viaxar para vir a clase, e coñecer tamén as súas características persoais (nivel de madurez, motivacións, nivel de estudos,...), familiares e socioculturais.

Na enquisa tamén se recollerá información sobre o acceso ao ciclo, se repiten curso e módulos superados, sobre os hábitos de estudo, sobre as

súas aficións, preferencias e inquedanzas, sobre as súas expectativas profesionais ou se están a realizar agora mesmo algún traballo. Asemade, ao inicio de cada unidade didáctica, tomando como base as preguntas abertas realizadas pola profesora ao grupo clase, a través da análise de casos, mediante a lectura dun texto e/ou artigos de prensa ou outros medios, avaliaráanse os coñecementos e as ideas previas do alumnado sobre as diferentes temáticas a tratar.

Deste modo poderanse introducir os coñecementos novos de maneira congruente e significativa, motivándolles a aprender a aprender e axudándolles a que a aprendizaxe sexa realista e funcional e lles sirva para aplicalo a seu futuro profesional.

No momento da realización da avaliación inicial, revisaránse os expedientes do alumnado na procura de datos que permitan detectar algunha das necesidades citadas.

A persoa responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor tutor nun traballo consensuado co equipo docente do ciclo, que coordinarán a elaboración e implementación do reforzo ou a flexibilización, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, propóndose para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

1. Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
2. Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
4. Adaptarase tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favoreceráse a autoestima do alumnado e valoraráse o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Dentro da dinámica xeral do proceso de ensino e aprendizaxe traballaranse contidos relacionados coa educación en valores.

Para o desenvolvemento do alumnado do Ciclo Superior de Patronaxe e Moda é interesante incidir nos seguintes valores:

- Educación para a igualdade: tendo en conta que se trata dun ciclo feminizado e non exento de estereotipos vinculados ao xénero, favorecerase a igualdade de xénero na utilización dunha linguaxe non sexista, tanto oral como escrita, na análise de actividades, tarefas, revisando textos e artigos acerca da igualdade de xénero no Sector Téxtil.
- Educación para a paz: concretamente o traballo debería basearse no desenvolvemento de actividades que incidiran na resolución de conflitos de maneira non violenta.
- A diversidade como un valor enriquecedor: no respecto ás ideas, opinións e ideoloxías dos compañeiros/as, a valoración das achegas dos compañeiros/as e o traballo en equipos,...
- Educación medioambiental: terase en conta o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento sostible, tanto nos contidos do módulo (sostibilidade no Sector Téxtil), como no traballo práctico na aula procurando limitar o uso do papel nas actividades de clase (primando o emprego da Aula Virtual e a documentación en formato dixital), non facer fotocopias indiscriminadamente, separar os residuos para reciclar,...
- Fomento do plurilingüismo e facilitar a plena integración lingüística dos alumnos e alumnas procedentes de fóra de Galicia.
- Incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras (véxase Proxecto Plurilingüe).
- Fomento do interese pola actualidade e as noticias para enlazar o aprendido académicamente coa realidade da contorna.

- Fomento da creatividade , invitando ao alumnado a participar en debates e tormentas de ideas que rompan o medo a plasmar as súas ideas. Esta creatividade non só se orientará ao eido do Deseño Téxtil senón tamén á búsqueda de solucións de problemas e retos por vías innovadoras (co apoio da Coordinación de Emprendemento que existe no CIFP Manuel Antonio).

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo deste curso facilitarase e favorecerase a participación do grupo na realización das seguintes actividades complementarias á formación (dentro dos acordos establecidos no R.R.I. e que poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación) organizadas conxuntamente polo equipo docente do Ciclo Superior en Patronaxe e Moda:

- Visitas a empresas téxtiles. Como en anos anteriores, levaranse a cabo algunhas visitas a empresas téxtiles (INDITEX, Textil Lonia, etc). Tanto o calendario como as empresas determinaranse ao longo do curso en función da programación, as condicións climatolóxicas e, sobre todo, unha vez seleccionada a empresa, cando esta indique a data na que nos pode recibir.
- Asistencia a feiras e eventos locais ou nacionais relacionados co mundo da moda e as tendencias. (Desfile DESPUNTE, MOMAD, Madrid Sustainable Fashion Week, ...)
- Trataranse de establecer contactos con algunha personalidade do mundo da moda para que imparta algunha charla ou conferencia no mesmo Centro ou fora deste (Workshop Sastrería Serna, Obradoiro Moulage Shingo Sato, ¿).

## 10.Outros apartados

### 10.1) Aula Virtual

Ao longo de todo o curso utilizarase a aula virtual como ferramenta fundamental para o intercambio de material didáctico co alumnado e será o medio preferente para a realización de probas escritas, e entrega de traballos e outros documentos. Así mesmo será a vía de comunicación habitual para trasladar información diversa de interese entre a docente e o alumnado.

### 10.2) Proxecto Plurilingüe

Este proxecto está enfocado ao alumnado do Ciclo Superior de réxime ordinario CS PATRONAXE E MODA, da familia profesional de Textil, Confección e Moda. Que se imparte na quenda de vespertino, e decir de 15:20 a 21:40 h.

O perfil do alumnado deste ciclo, adáptase ao proxecto de Centros Plurilingües. Tendo en conta a mobilidade neste sector, de profesionais en países estranxeiros. Así como a necesidade de coñecer nunha lingua estranxeira o vocabulario técnico do ciclo.

A lingua estranxeira na que se imparte é o INGLÉS. Para o que o centro solicita un/unha profesor/a interino, con atribución docente na lingua estranxeira (B2) (debido a que no Departamento de Téxtil a porcentaxe de interinidade do profesorado é do 100%.)

O Proxecto Plurilingüe desenvólvese no 1º ano do Proxecto no módulo MODA E TENDENCIAS do primeiro curso do ciclo superior de Patronaxe e Moda cunha carga lectiva de catro horas semanais; e optativamente no 2º ano do Proxecto no módulo ao que corresponde esta programación ANÁLISE DE DESEÑOS EN TÉXTEL E PEL do segundo curso do ciclo superior de Patronaxe e Moda, cunha carga lectiva de catro horas semanais. Este módulo pode considerarse como complementario e como continuación do módulo de Moda e Tendencias tanto no seu aspecto lingüístico como non lingüístico (moda de vangardía, accesorios, marketing de moda, etc.) e por tanto permite afianzar e incrementar os coñecementos e as competencias adquiridas no módulo de primeiro usando a lingua vehicular do inglés.

Ofrécese de xeito voluntario para o alumnado, fora do seu horario. Un reforzo linguístico, que complementa a adquisición de habilidades lingüísticas e comunicativas, que se imparten nos módulos en linguas estranxeiras.

Esta actividade realízase en dous periodos lectivos semanais, que se sitúan antes do comezo das horas de clases, para incentivar a asistencia ás mesmas do alumnado.

Nestas sesións, realízanse:

- Prácticas específicas de conversa.

- Promóvese o ensino da cultura e civilización dos países anglo parlantes.
- Achéganse recursos didácticos, especialmente material dos países de fala inglesa.
- Refórzanse fundamentalmente as destrezas orais do alumnado na lingua estranxeira.

Tendo en conta o deseño desta actividade, faise chave a figura do/a AUXILIAR DE CONVERSA, que aporta o enfoque práctico do coñecemento da lingua estranxeira .